

4. Centros de reeducación viaria.—A adxudicación destes cursos realizarase mediante concesión administrativa, de acordo co establecido na lexislación de contratos das administracións públicas.»

**Disposición transitoria primeira.** *Aplicación da lei.*

O disposto nesta lei soamente será de aplicación ás infraccións cometidas a partir da súa entrada en vigor, excepto no que ao sistema de puntos dos permisos e licenzas de condución se refire, que se rexerá polo disposto na disposición derradeira segunda.

**Disposición transitoria segunda.** *Titulares de permisos ou licenzas de condución con antigüidade non superior a tres anos.*

Os que, no momento da entrada en vigor desta lei, sexan titulares dun permiso ou licenza de condución cunha antigüidade non superior a tres anos disporán dun total de oito puntos, que pasarán a se converter en 12 puntos, unha vez que o seu permiso ou licenza de condución teña atinxido esa antigüidade, salvo que nese prazo de tempo fosen sancionados en firme en vía administrativa pola comisión dunha infracción que implique a perda de puntos.

**Disposición derogatoria única.** *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se o poñan ao disposto nesta lei.

**Disposición derradeira primeira.** *Adaptación da normativa vixente.*

O Goberno procederá a modificar o Regulamento xeral de condutores, aprobado polo Real decreto 772/1997, do 30 de maio; o Regulamento xeral de circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguraza viaria, aprobado polo Real decreto lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, aprobado polo Real decreto 1428/2003, do 21 de novembro; o Regulamento de procedemento sancionador en materia de tráfico, circulación de vehículos de motor e seguraza viaria, aprobado polo Real decreto 320/1994, do 25 de febreiro, así como o Regulamento regulador das escolas particulares de condutores, aprobado polo Real decreto 1295/2003, do 17 de outubro, para adecualos ás modificacións introducidas por esta lei.

**Disposición derradeira segunda.** *Entrada en vigor.*

A presente lei entrará en vigor aos 20 días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Non obstante, os preceptos en que se regulan o sistema do permiso e a licenza de condución por puntos, así como o anexo II, entrarán en vigor cando o faga a súa normativa de desenvolvemento e, en todo caso, ao ano da publicación da presente lei no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 19 de xullo de 2005.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

**12699** *REAL DECRETO LEI 11/2005, do 22 de xullo, polo que se aproban medidas urxentes en materia de incendios forestais.* («BOE» 175, do 23-7-2005; «BOE» 178, do 27-7-2005, e «BOE» 179, do 28-7-2005.)

Como consecuencia de que España leva padecendo, desde hai algúns meses, unha das secas máis graves das últimas décadas, e das altas temperaturas que se están a rexistrar no presente período estival, o risco de que se produzan incendios e de que estes teñan efectos devastadores é extraordinariamente alto. Calquera descoido, calquera negligencia, pode desencadear, nestas adversas condicións, situacións verdadeiramente catastróficas.

Por desgraza, algunha destas situacións produciuse xa. O incendio orixinado na provincia de Guadalajara na tarde do sábado 16 de xullo causou a perda de 11 vidas humanas, ademais de arrasar máis de 12.000 hectáreas de masa forestal e pasto.

A trágica magnitude destes feitos e das súas consecuencias obriga os poderes públicos a adoptaren medidas extraordinarias, no marco do principio constitucional de solidariedade e por aplicación dos de equidade e igualdade de trato en relación con situacións precedentes. Prevese, así, nesta norma, un réxime de axudas específicas en favor das vítimas e das súas familias, así como a adopción dun conxunto de medidas paliativas e compensatorias dirixidas á reparación dos danos producidos e á recuperación das zonas afectadas.

Xunto a ese obxectivo, este real decreto lei ten outro que o transcende. Posto que as circunstancias que determinan a conxuntura de alto risco en que se encontra o noso país non fan senón agravarse día a día, e poderían prolongar os seus efectos durante todo o verán e parte do outono, o Goberno considera conveniente, atendendo a estas razóns de emerxencia e en prol da salvagarda da seguraza dos cidadáns e do ambiente, establecer un conxunto de medidas mínimas que veñen recoller en parte algunhas experiencias autonómicas e locais desenvolvidas e contrastadas nos últimos anos. Por isto, este real decreto lei prevé expresamente a compatibilidade con ela das medidas que as comunidades autónomas tivesen adoptado ou decidisen adoptar no futuro co fin de asegurar un maior grao de protección fronte aos incendios e as súas consecuencias.

Conságranse neste real decreto lei dous tipos de previsións normativas. En primeiro lugar, un catálogo de prohibicións moi severas, que se proxecta sobre todas as actividades que puideren entrañar algún risco para a produción de incendios, e que, dado o seu carácter excepcional, estarán en vigor en todo o territorio nacional até o 1 de novembro de 2005. Estas prohibicións complementáanse coa previsión dunha serie de pautas e actuacións concretas de prevención que serán executadas polas diferentes administracións públicas concernidas.

En segundo lugar, instáurase un modelo orgánico-funcional de coordinación entre os departamentos ministeriais da Administración do Estado, dun lado, e entre esta e as comunidades autónomas, doutro, que se articula, respectivamente, sobre dous órganos de funcionamento permanente cuxa creación se prevé neste real decreto lei. A finalidade deste novo modelo de coordinación non é outra que a de favorecer as respostas máis áxiles e expeditivas posibles aos sinistros provocados polo lume, baseadas nunha eficaz conxunción da información e dos medios que se encontren en cada momento ao alcance de todas as administracións públicas. Para estes efectos, a norma reforza o carácter único do mando operativo, estatal ou autonómico, segundo proceda, con independencia de cal sexa a titularidade dos medios incorporados aos labores de extinción dos incendios.

Na súa virtude, en uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución, por proposta da vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia, do vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía e Facenda e dos ministros de Defensa, do Interior, de Agricultura, Pesca e Alimentación, de Administracións Públicas e de Medio Ambiente e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 22 de xullo de 2005,

## DISPÓÑO :

### CAPÍTULO I

#### Medidas de apoio aos damnificados

##### Artigo 1. *Ámbito de aplicación.*

1. As medidas establecidas neste capítulo aplicarán-selles ás persoas e bens afectados polo incendio acaecido entre os días 16 e 20 de xullo de 2005 na provincia de Guadalajara.

2. O Goberno, mediante real decreto, poderá declarar, con delimitación dos municipios e núcleos de poboación afectados, a aplicación das medidas previstas neste capítulo a outros incendios de características similares que acontecesen ou poidan acontecer desde o 1 de abril até o 1 de novembro de 2005.

##### Artigo 2. *Indemnización de danos en producións agrícolas e gandeiras.*

Serán obxecto de indemnización os danos provocados polos incendios nas explotacións agrícolas e gandeiras que teñan pólizas en vigor amparadas polo Plan de seguros agrarios combinados para o ano 2005 e sufrisen perdas por danos nas súas producións non cubertos polas liñas de seguros agrarios combinados.

Serán igualmente obxecto de indemnización as perdas que se orixinen nas explotacións gandeiras, cuxos animais estean asegurados en calquera das liñas de seguros previstas no plan anual, como consecuencia dos danos rexistrados sobre os pastos e outras áreas de aproveitamento gandeiro.

Non obstante, para o caso de producións que nas datas do sinistro non iniciasen o período de contratación do seguro correspondente, tamén poderán percibir as anteriores indemnizacións, sempre e cando se contratase o seguro correspondente a esas producións non exercicio anterior.

Tamén poderá percibirse indemnización polos danos causados en producións non incluídas no vixente plan anual de seguros, excepto que as producións afectadas estivesen garantidas por un seguro non incluído no sistema de seguros agrarios combinados.

As indemnizacións irán destinadas aos titulares daquelas explotacións que estean situadas no ámbito sinalado no artigo 1 e sufrisen perdas superiores ao 20 por cento da produción.

Poderán ser obxecto de indemnización nas condicións establecidas neste artigo os danos producidos en explotacións apícolas.

##### Artigo 3. *Beneficios fiscais.*

1. Concédese a exención das cotas do imposto sobre bens inmobles correspondentes ao exercicio de 2005 que afecten vivendas, establecementos industriais e mercantís, explotacións agrarias e forestais, locais de traballo e similares, danados como consecuencia directa dos incendios, cando se acredite que tanto as persoas como os bens neles situados tiveron que ser obxecto de realoxa-

mento total ou parcial noutras vivendas ou locais diferentes até a reparación dos danos sufridos ou que os estragos nas colleitas constituían sinistros non cubertos por ningunha fórmula de aseguramento público ou privado.

2. Concédese unha redución no imposto sobre actividades económicas correspondente ao exercicio de 2005 ás industrias de calquera natureza, establecementos mercantís e profesionais cuxos locais de negocios ou bens afectos a esa actividade fosen danados como consecuencia directa dos incendios, sempre que tivesen que ser obxecto de realoxamento ou se producisen danos que obriguen ao fechamento temporal da actividade. A indicada redución será proporcional ao tempo transcorrido desde o día en que se producise o cesamento da actividade até o seu reinicio en condicións de normalidade, xa sexa nos mesmos locais, xa sexa noutros habilitados para o efecto, sen prexuízo de considerar, cando a gravidade dos danos producidos dea orixe a isto, o suposto de cesamento no exercicio daquela, que producirá efectos desde o día 31 de decembro de 2004.

3. As exencións e reducións de cotas nos tributos sinalados nos números anteriores comprenderán as das recargas legalmente autorizadas sobre eles.

4. Os contribuíntes que teñan dereito aos beneficios establecidos nos números anteriores e satisfixesen os recibos correspondentes ao dito exercicio fiscal poderán pedir a devolución das cantidades ingresadas.

5. Estarán exentas das taxas da Xefatura Central de Tráfico a tramitación das baixas de vehículos solicitadas como consecuencia dos danos producidos polos incendios e a expedición de duplicados de permisos de circulación ou de condución destruídos ou extraviados por esas causas.

6. A diminución de ingresos en tributos locais que os anteriores números deste artigo produzan nos concellos e deputacións provinciais será compensada con cargo aos orzamentos xerais do Estado, de conformidade co establecido no artigo 9 do texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

7. Estarán exentas do imposto sobre a renda das persoas físicas as axudas excepcionais por danos persoais a que se refire o artigo 7.

##### Artigo 4. *Reducións fiscais especiais para as actividades agrarias.*

Para as explotacións e actividades agrarias, realizadas nas zonas que determinen os reais decretos que eventualmente se diten en desenvolvemento do artigo 1 deste real decreto lei, e conforme as previsións contidas no número 4.1 do artigo 35 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 1775/2004, do 30 de xullo, o Ministerio de Economía e Facenda, á vista do informe do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, poderá autorizar, con carácter excepcional, a redución dos índices de rendemento neto a que se refire a Orde EHA/3902/2004, do 29 de novembro, pola que se desenvolven para o ano 2005 o método de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas e o réxime especial simplificado do imposto sobre o valor engadido.

##### Artigo 5. *Medidas laborais e de Seguridade Social.*

1. Os expedientes de regulación de emprego que teñan a súa causa nos danos producidos polos incendios terán a consideración de provenientes dunha situación de forza maior, coas consecuencias que derivan dos artigos 47 e 51 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo. A Tesouraría Xeral da Seguridade Social

poderá exonerar o empresario do aboamento das cotas á Seguridade Social no primeiro suposto mentres dure o período de suspensión, manténdose a condición do dito período como efectivamente cotizado polo traballador. Nos casos en que se produza extinción do contrato, as indemnizacións dos traballadores correrán a cargo do Fondo de Garantía Salarial, cos límites legalmente establecidos.

Nos expedientes en que se resolva favorablemente a suspensión de contratos ou a redución temporal da xornada de traballo con base en circunstancias excepcionais, a autoridade laboral poderá autorizar que o tempo en que se perciban as prestacións por desemprego, reguladas no título III do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, que traian a súa causa inmediata nos incendios, non se compute para os efectos de consumir os períodos máximos de percepción establecidos. Igualmente, poderá autorizar que reciban prestacións por desemprego aqueles traballadores incluídos nos ditos expedientes que carezan dos períodos de cotización necesarios para teren dereito a elas.

2. As empresas e os traballadores por conta propia incluídos en calquera réxime da Seguridade Social poderán solicitar e obter, logo de xustificación dos danos sufridos, unha moratoria dun ano sen xuro no pagamento das cotizacións á Seguridade Social correspondentes aos tres meses naturais inmediatamente anteriores á produción do sinistro.

3. Os cotizantes á Seguridade Social que teñan dereito aos beneficios establecidos nos números anteriores e satisfixesen as cotas correspondentes ás exencións ou á moratoria de que se trate poderán pedir a devolución das cantidades ingresadas, incluídas, se é o caso, as recargas e custas correspondentes. Se o que tivese dereito á devolución fose debedor á Seguridade Social por cotas correspondentes a outros períodos, o crédito pola devolución será aplicado ao pagamento de débedas pendentes con aquela na forma que legalmente proceda.

4. Para levar a cabo as obras de reparación dos danos causados, as administracións públicas e as entidades sen ánimo de lucro poderán solicitar do servizo público de emprego competente a adscrición de traballadores perceptores das prestacións por desemprego para traballos de colaboración social, de acordo co disposto no artigo 213.3 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño.

#### Artigo 6. *Réxime de contratación.*

1. Para os efectos previstos no artigo 72 do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, terán a consideración de obras, servizos, adquisicións ou subministracións de emerxencia os de reparación ou mantemento do servizo de infraestruturas e equipamentos, así como as obras de reposición de bens prexudicados pola catástrofe, calquera que sexa a súa contía.

2. Para eses mesmos efectos, inclúense, en todo caso, as obras derivadas das actuacións de prevención que este real decreto lei establece.

3. Declárase urgente a ocupación dos bens afectados polas expropiacións derivadas da realización das obras a que se refire este artigo, para os efectos establecidos no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954.

4. Na tramitación dos expedientes de contratación non incluídos no artigo 129.2 do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, dispensa-

ruse do requisito previo de dispoñibilidade de terreos, sen prexuízo de que a súa ocupación efectiva non se faga até a formalización da acta de ocupación.

#### Artigo 7. *Axudas excepcionais por danos persoais.*

1. Concédense axudas, nos termos que se determinen regulamentariamente, para paliar os danos persoais que teñan a súa causa nas catástrofes a que este real decreto lei se refire.

2. As axudas por danos persoais poderán ser:

a) A cantidade que proceda por falecemento e por incapacidade absoluta permanente, cando esta incapacidade fose causada polos mesmos feitos.

b) Así mesmo, os gastos de hospitalización das persoas afectadas serán aboados sempre e cando non fosen cubertos por ningún sistema público ou privado de asistencia sanitaria.

3. Serán beneficiarios destas axudas a título de vítimas indirectas, no caso de morte e con referencia sempre á data desta, as persoas que reúnan as condicións que se indican a seguir:

a) O cónxuxe do falecido, se non estiver separado legalmente, ou a persoa que estivese a convivir co falecido de forma permanente, con análoga relación de afectividade á de cónxuxe, durante, ao menos, os dous anos anteriores ao momento do falecemento, salvo que tivesen descendencia; neste caso bastará a mera convivencia.

b) Os fillos menores de idade dos falecidos ou das outras persoas a que se refire o parágrafo anterior e os maiores de idade se sufrisen un prexuízo económico-patrimonial relevante, debidamente acreditado, en relación á súa situación económica anterior á catástrofe.

c) En defecto das persoas mencionadas anteriormente, serán beneficiarios os pais da persoa falecida, no mesmo suposto de prexuízo económico-patrimonial previsto no parágrafo anterior.

d) En defecto das persoas mencionadas nas alíneas a), b) e c), serán beneficiarios os irmáns da persoa falecida, se acreditan dependencia económica daquela.

4. De concorreren varios beneficiarios a título de vítimas indirectas, a distribución da cantidade a que ascenda a axuda efectuarase da seguinte forma:

a) A cantidade dividirase en dúas metades. Corresponderá unha ao cónxuxe ou á persoa que estivese a convivir co falecido nos termos da alínea a) do número anterior. Corresponderá a outra metade aos fillos mencionados na alínea b) do número anterior, e distribuirase entre todos eles por partes iguais.

b) De resultaren beneficiarios os pais do falecido, a cantidade a que ascende a axuda repartirase entre eles por partes iguais.

c) De resultaren beneficiarios os irmáns do falecido, a cantidade a que ascende a axuda repartirase entre eles por partes iguais.

5. As solicitudes para a concesión destas axudas presentaranse no termo de dous meses, contado a partir da entrada en vigor do real decreto que as fixe, e serán resoltas polo ministro do Interior no prazo de tres meses.

#### Artigo 8. *Réxime especial de aplicación das axudas ordinarias por danos persoais.*

1. Nos casos das axudas previstas no artigo anterior, non será aplicable o réxime de axudas previsto no Real decreto 307/2005, do 18 de marzo.

2. As axudas que se concedan en aplicación do previsto no artigo anterior financiaranse con cargo aos crédi-

tos 16.01.134M.482, «Para atencións de toda orde motivadas por sinistros, catástrofes ou outros de recoñecida urxencia», e 16.01.134M.782, «Para atencións de toda orde motivadas por sinistros, catástrofes ou outros de recoñecida urxencia», dotados, con carácter de ampliables, no vixente orzamento do Ministerio do Interior.

#### Artigo 9. *Axudas excepcionais en materia de vivenda.*

1. Para paliar os danos producidos nas vivendas que sexan residencia habitual e permanente e que teñan a súa causa nas catástrofes a que se refire este real decreto lei, o Ministerio de Vivenda concederá axudas con cargo á reserva non territorializada regulada nos artigos 78.c).2 e 83.3 do Real decreto 801/2005, do 1 de xullo, polo que se aproba o Plan estatal 2005-2008 para favorecer o acceso dos cidadáns á vivenda, nos termos previstos nos convenios de colaboración coas comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla.

2. As axudas concederanse nos termos e condicións que se establezan por orde do Ministerio de Vivenda.

#### Artigo 10. *Liñas preferenciais de crédito.*

Instrúese o Instituto de Crédito Oficial (ICO), na súa condición de axencia financeira do Estado, para instrumentar unha liña de préstamos por importe de 20 millóns de euros, que poderá ser ampliada polo Ministerio de Economía e Facenda en función da avaliación dos danos e da demanda conseguinte, utilizando a mediación das entidades financeiras con implantación nas comunidades autónomas afectadas, coas cales se subscribirán os oportunos convenios de colaboración.

Estas liñas de préstamo, que terán como finalidade financiar a reparación ou reposición de instalacións e equipamentos industriais e mercantís, agrícolas, forestais, gandeiros e de rega, automóbiles, motocicletas e ciclomotores de uso particular, vehículos comerciais, maquinaria agrícola e locais de traballo de profesionais que se visen danados como consecuencia dos incendios, materializaranse en operacións de préstamo concedidas polas citadas entidades financeiras, cuxas características serán:

a) Importe máximo: o do dano avaliado pola delegación ou subdelegación do Goberno da provincia correspondente ou, se é o caso, polo Consorcio de Compensación de Seguros, descontado, se é o caso, o importe do crédito que puidesen subscribir con cargo a liñas de crédito preferenciais establecidas por iniciativa das comunidades autónomas respectivas.

b) Prazo: cinco anos, con un de carencia, se for o caso.

c) Xuro: o tipo de cesión polo ICO ás entidades financeiras será do 1,50 por cento TAE, cunha marxe máxima de intermediación para estas do 0,50 por cento. En consecuencia, o tipo final máximo para o prestameiro será do dous por cento TAE.

d) Tramitación: as solicitudes serán presentadas na entidade financeira mediadora, a cal decidirá sobre a concesión do préstamo, e será ao seu cargo o risco da operación.

e) Vixencia da liña: o prazo para a disposición de fondos terminará o 31 de decembro de 2005.

A instrumentación da liña de préstamos a que se refire este artigo levaraa a cabo o ICO, no exercicio das funcións a que se refire a disposición adicional sexta.dous.2.a) do Real decreto lei 12/1995, do 28 de decembro, sobre medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira, e, na súa virtude, o quebranto que para o ICO supoña o diferencial entre o custo de mercado da obtención dos recursos e o tipo antes citado do

1,50 por cento será cuberto con cargo aos orzamentos xerais do Estado.

#### Artigo 11. *Cooperación coas administracións locais.*

Facúltase o titular do Ministerio de Administracións Públicas para propor o pagamento das subvencións derivadas de danos en infraestruturas municipais e rede viaria das deputacións provinciais, na parte que financia a Administración xeral do Estado, até un importe máximo de 15 millóns de euros, con cargo ao crédito que para estes efectos se habilite, co carácter de incorporable, nos orzamentos dese departamento. De conformidade co establecido no artigo 50.1.b) da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, o crédito que se habilite financiarase con fondo de continxencia, cuxa autorización corresponderá ao Consello de Ministros por proposta do ministro de Economía e Facenda.

De igual modo, facúltase o titular do Ministerio de Administracións Públicas para establecer o procedemento para a concesión das mencionadas subvencións, así como o seu seguimento e control, no marco da cooperación económica do Estado aos investimentos das entidades locais.

#### Artigo 12. *Consortio de Compensación de Seguros.*

1. Os delegados do Goberno nas comunidades autónomas poderán solicitar do Consorcio de Compensación de Seguros, para unha máis correcta avaliación dos danos, as correspondentes valoracións previstas neste real decreto lei, sempre que non afecten bens de titularidade pública.

2. O Consorcio de Compensación de Seguros terá dereito ao aboamento por parte da Administración xeral do Estado dos traballos de peritación conforme o baremo de honorarios profesionais que o Consorcio tivese aprobado para os seus peritos taxadores de seguros.

3. Para facilitar a tramitación das axudas e a valoración dos danos, a Administración competente e o Consorcio de Compensación de Seguros poderán transmitirse os datos sobre beneficiarios das axudas e indemnizacións que concedan, as súas contías respectivas e os bens afectados.

## CAPÍTULO II

### Actuacións de prevención

#### Artigo 13. *Actividades prohibidas.*

Sen prexuízo das previsións contidas na normativa autonómica, prohíbese, desde a entrada en vigor deste real decreto lei e até o día 1 de novembro de 2005, en todo o territorio nacional:

a) Acender lume en todo tipo de espazos abertos, e en particular:

1.º A queima de restollos, de pastos permanentes e de restos de poda, quedando suspendidas as autorizacións que fosen concedidas para este fin.

2.º Acender lume nas áreas de descanso da rede de estradas.

3.º Acender lume, a ceo aberto, nas zonas recreativas e de acampada, incluídas as zonas habilitadas para isto.

4.º A eliminación de residuos mediante queima ao aire libre. Os órganos competentes deberán asegurar un sistema de xestión de residuos que exclúa estas actuacións.

b) Nos territorios delimitados polo artigo 5 da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes, queda prohibido, ademais:

1.º A circulación de vehículos de motor polas pistas forestais en que non existan servidumes de paso. Excepciónanse os vehículos utilizados para a xestión do terreo ou para a prevención e extinción de incendios e aqueles outros supostos autorizados expresamente polo órgano competente da Administración autonómica.

2.º A utilización de maquinaria e equipamentos nos montes e nas áreas rurais situadas nunha franxa de 400 metros arredor daqueles, cuxo funcionamento xere deflagración, faíscas ou descargas eléctricas, salvo que o órgano competente da Administración autonómica autorizase expresamente o seu uso ou resulten necesarias para a extinción de incendios.

3.º A introdución de material pirotécnico.

4.º Fumar, guindar ou abandonar obxectos en combustión ou calquera clase de material susceptible de orixinar un incendio.

c) Nas zonas declaradas de alto risco de acordo co artigo 48 da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes, queda, ademais, prohibido o tránsito de persoas, sen prexuízo das actuacións de xestión e mantemento que procedan e das autorizacións expresas que poidan acordar as administracións autonómicas.

d) As comunidades autónomas farán públicas nun prazo de sete días, e comunicarán ao Ministerio de Medio Ambiente, as zonas do seu ámbito territorial que teñan a consideración de alto risco de incendio forestal. Aquelas comunidades autónomas que non procedesen aínda a esa declaración deberán realizala dentro do mesmo prazo.

#### Artigo 14. *Medidas sobre infraestruturas e servizos de transporte e enerxía.*

1. O Ministerio de Fomento incrementará de inmediato as actuacións de limpeza de vexetación de foxos, marxes e medianas de estradas e autovías de titularidade estatal previstas no programa de actuacións vixente. Cando as vías circulen por terreo forestal arborizado, o ministerio subscribirá convenios de colaboración coas comunidades autónomas para estender esta limpeza en devasas.

En vías de circulación de titularidade doutras administracións públicas, o Estado, a través do fondo a que se refire a disposición adicional cuarta, participará no financiamento da execución dos plans de limpeza que correspondan á mesma finalidade de prevención de incendios forestais.

O Ministerio de Fomento e os concesionarios das autoestradas de peaxe de titularidade estatal controlarán os vehículos e as actividades de mantemento das estradas e vixiarán en especial, en colaboración coas autoridades de tráfico, as actuacións dos vehículos avariados e estacionados e todas aquelas condutas que signifiquen un perigo de incendio.

2. O Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (ADIF) do Ministerio de Fomento incrementará de inmediato as actuacións de limpeza das plataformas das vías e marxes tanto en liñas convencionais como de alta velocidade, previstas no programa de actuacións vixente. Cando estas circulen por terreo forestal arborizado, o ADIF subscribirá convenios de colaboración coas comunidades autónomas para desenvolver actuacións conxuntas de prevención e, se é o caso, extinción de incendios forestais en zonas próximas á plataforma ferroviaria. Igualmente, o ADIF controlará as fontes de ignición dos vehículos que circulen pola vía e das liñas aéreas e de alta tensión propias, así como de todos os equipamentos téc-

nicos e maquinaria de mantemento e reparación. Aquelas actuacións que necesiten destes equipos e que non sexan cualificadas como urxentes non poderán levarse a cabo no período de vixencia deste real decreto lei.

3. O Ministerio de Fomento e os operadores dos servizos de transporte controlarán os sistemas de freo e escape dos trens, así como o resto de elementos e maquinaria cuxo funcionamento xere deflagración, faíscas ou descargas eléctricas e o respecto por parte dos viaxeiros ás prohibicións impostas pola lexislación.

4. Os titulares das redes de distribución e transporte de enerxía eléctrica deben manter as marxes por onde discorren as liñas limpas de vexetación, co obxecto de evitar a xeración ou propagación de incendios forestais.

5. Os pregos de condicións para novas contratacións de mantemento de infraestruturas incorporarán cláusulas relativas a limpeza e desherbamento das marxes como medida de prevención de incendios.

#### Artigo 15. *Obrigas das administracións locais.*

1. Os entes locais manterán actualizado un plano de delimitación dos diversos núcleos e urbanizacións existentes no seu termo municipal.

2. Os concellos adoptarán inmediatamente as medidas adecuadas para garantir a inexistencia de queima nos vertedoiros do seu termo municipal e controlarán o cumprimento das medidas de seguranza de tales instalacións, referidas polo menos á existencia dunha zona de seguranza e de recursos hídricos para a extinción de incendios.

#### Artigo 16. *Aproveitamento da biomasa forestal residual.*

Co obxecto de prever a declaración de incendios forestais, os departamentos competentes coordinarán a través da Conferencia Sectorial de Medio Ambiente o desenvolvemento de plans de aproveitamento da biomasa forestal residual existente. As comunidades autónomas deberán comunicar antes do 1 de outubro de 2005 os plans aprobados. Para a súa posterior implantación, e co fin de garantir a equidade interterritorial, dotarase nos orzamentos xerais do Estado para 2006 un fondo de cinco millóns de euros a que poderán acceder as comunidades autónomas, de acordo cos criterios obxectivos que se determinen na Conferencia Sectorial.

Sen prexuízo das competencias atribuídas ás comunidades autónomas, con carácter inmediato e por razóns de urxencia, até o día 1 de novembro de 2005, o Ministerio de Medio Ambiente colaborará, por petición destas, na retirada, almacenamento e posta á disposición dos operadores económicos, da biomasa forestal residual existente nas zonas declaradas de alto risco de acordo co artigo 13.d).

#### Artigo 17. *Actuacións de control e vixilancia.*

1. No marco dos procedementos de coordinación previstos no capítulo III, o Ministerio do Interior establecerá, no prazo de sete días, medidas de reforzo das capacidades de actuación do Seprona, así como os mecanismos de coordinación entre as súas brigadas de investigación e outros corpos das diversas administracións implicadas, que poderán basearse na zonificación e na asignación de áreas de actuación específicas.

2. Nos termos que decida o comité a que se refire o artigo 21, o Ministerio de Defensa preparará as tripulacións que aseguren o funcionamento óptimo dos medios aéreos de titularidade estatal contra os incendios forestais e colaborará coa autoridade competente mediante

dotacións para levar a cabo as misións de apoio ás tarefas de vixilancia e control de zonas forestais e incendios.

3. Todas as autoridades e corpos de inspección e vixilancia das administracións estatal, autonómicas e locais extremarán a vixilancia das actuacións que poidan xerar un incendio forestal, e velarán polo cumprimento das obrigas establecidas neste real decreto lei.

4. No exercicio das funcións en materia de prevención e loita contra os incendios forestais que teñen encomendadas, reconéceselles aos funcionarios que desempeñen funcións de policía administrativa forestal a condición de autoridade, e estarán facultados para pedir o auxilio das forzas e corpos de seguranza e dos órganos xurisdiccionais, de acordo co que prevé a normativa que resulte de aplicación.

**Artigo 18. Reforzo dos medios aéreos estatais para a extinción de incendios forestais.**

Con carácter inmediato e por razóns de urxencia, o Ministerio de Medio Ambiente reforzará os medios aéreos estatais para a extinción de incendios co fin de atender as necesidades que xorden nas situacións de emerxencia no ámbito nacional.

**Artigo 19. Infraccións e sancións.**

Sen prexuízo da aplicación das previsións do Código Penal nesta materia, a infracción das prohibicións contidas no artigo 13 deste real decreto lei serán consideradas en todo caso infraccións graves e sancionadas de acordo co disposto no artigo 74.b) da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes.

No caso de que os feitos constitutivos da infracción causasen ao monte danos cuxo prazo de reparación ou restauración sexa superior a seis meses, serán consideradas moi graves e sancionadas de acordo co disposto no artigo 74.c) da citada Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes.

En todo caso, a autoridade competente para a sanción das infraccións previstas neste artigo deberá determinar a redución ou exclusión dos pagamentos directos derivados das axudas agrarias comunitarias. A determinación da contía de redución obedecerá aos criterios de proporcionalidade previstos no artigo 75 da citada Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes.

En ningún caso a presente disposición impedirá ás comunidades autónomas prever novas infraccións ou elevar as sancións previstas por este real decreto lei.

**CAPÍTULO III**

**Coordinación administrativa**

**Artigo 20. Comisión interministerial de coordinación para a prevención e loita contra os incendios forestais.**

1. Créase e ponse en inmediato funcionamento a comisión interministerial prevista no acordo do Consello de Ministros, do 10 de xuño de 2005, polo que se aproba o Plan de actuacións de prevención e loita contra incendios forestais, para realizar, con carácter centralizado, o seguimento, o control e a coordinación de todas as actuacións, medios e recursos no ámbito da Administración xeral do Estado que teñan relación coas políticas e accións en materia de prevención e loita contra os incendios forestais e as situacións de emerxencia derivadas deles.

2. Baixo a coordinación do Ministerio da Presidencia, está integrada polo subsecretario da Presidencia, que actuará como presidente, e por representantes, con nivel de director xeral, dos ministerios de Asuntos Exteriores e

Cooperación; de Xustiza; de Defensa; de Economía e Facenda; do Interior; de Fomento; de Educación e Ciencia; de Traballo e Asuntos Sociais; de Industria, Turismo e Comercio; de Agricultura, Pesca e Alimentación; de Administracións Públicas e de Medio Ambiente. Así mesmo, formará parte da comisión o director do Departamento de Infraestrutura e Seguimento para Situacións de Crise.

3. Serán funcións desta comisión as seguintes:

a) Coordinar as medidas que deban adoptar os distintos órganos da Administración xeral do Estado, en apoio das actuacións derivadas de incendios forestais e as súas situacións de emerxencia.

b) Elaborar o proxecto de plan estatal e as sucesivas propostas de modificación.

c) Analizar e valorar con periodicidade anual os resultados da aplicación do plan estatal e os sistemas de coordinación cos plans de comunidades autónomas, co obxecto de promover as melloras que resulten necesarias.

d) Centralizar a información sobre previsións de riscos e incendios declarados facilitada polos órganos de dirección e coordinación en materia de incendios forestais das administracións públicas.

e) Actuar como centro lóxico para a mobilización dos medios e recursos da Administración xeral do Estado, en coordinación coas comunidades autónomas; para estes efectos, disporá da información sobre os medios e recursos que poidan ser destinados ás accións que cumpran realizar en situacións de emerxencia derivadas de incendios forestais.

f) O seguimento das medidas de apoio aos damnificados previstas neste real decreto lei.

4. A comisión funcionará en pleno ou a través do seu comité permanente.

O pleno estará constituído por todos os integrantes da comisión.

5. O comité permanente estará constituído por:

a) O subsecretario da Presidencia, que o presidirá.

b) O director xeral de Política de Defensa.

c) A directora xeral de Protección Civil e Emerxencias.

d) O director xeral de Desenvolvemento Rural.

e) O director xeral para a Biodiversidade.

f) O director xeral do Instituto Nacional de Meteoroloxía.

g) O director do Departamento de Infraestrutura e Seguimento para Situacións de Crise, que actuará como secretario.

O Departamento de Infraestrutura e Seguimento para Situacións de Crise actuará como órgano de apoio e servirá de enlace co Sistema Nacional de Condución para Situacións de Crise.

O funcionamento e desenvolvemento desta comisión regularase por orde do Ministerio da Presidencia e rexeráse supletoriamente polo disposto no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

**Artigo 21. Constitución e funcionamento excepcional do comité permanente da comisión interministerial.**

O comité permanente da comisión interministerial de coordinación para a prevención e loita contra os incendios forestais constituirase no prazo de 24 horas desde a entrada en vigor deste real decreto lei e manterase operativo de modo continuado até o 1 de novembro de 2005.

**Artigo 22. Centro de coordinación da información nacional sobre incendios forestais.**

Para a efectiva coordinación de todos os medios dispoñibles de loita contra os incendios forestais, créase un órgano de ámbito nacional que canalice de forma centralizada e poña á disposición do comité permanente da comisión interministerial de coordinación e do conxunto das administracións públicas competentes, en tempo real, toda a información de que dispoñan as distintas administracións públicas en relación:

- a) Coa evolución do risco de incendios forestais.
- b) Cos medios materiais, técnicos e persoais dispoñibles en cada momento.
- c) Cos incendios forestais, unha vez que se produzan, ou
- d) Con calquera outra que forneza datos suficientes para a adopción de medidas de carácter preventivo.

**Artigo 23. Coordinación de medios e recursos de loita contra incendios entre as distintas administracións públicas.**

Cando, segundo se establece na directriz básica de planificación de protección civil de emerxencias por incendios forestais, os incendios forestais alcancen a cualificación de nivel 1, os órganos de dirección e coordinación en materia de emerxencias por incendios forestais das comunidades autónomas informarán de inmediato as delegacións e subdelegacións do Goberno sobre o seu alcance, dimensión e posible evolución xunto coa solicitude, se é o caso, de recursos da Administración xeral do Estado ou doutras administracións públicas.

Esta información transmitirase inmediatamente ao comité permanente da comisión interministerial para que a avalíe e propoña a través das delegacións e subdelegacións do Goberno á comunidade autónoma correspondente a elevación a nivel 2, se for o caso. O comité disporá, nos supostos en que así proceda, a prestación de medios e recursos da Administración xeral do Estado ou solicitará a axuda internacional que se considere pertinente.

Unha vez recibida a información e dispostos polo comité permanente os medios persoais e materiais prestados pola Administración xeral do Estado, estes situaranse baixo a dirección do mando unificado previsto na lexislación vixente.

**Disposición adicional primeira. Límites das axudas.**

O valor das axudas concedidas en aplicación deste real decreto lei, no que a danos materiais se refire, non poderá superar en ningún caso a diferenza entre o valor do dano producido e o importe doutras axudas ou indemnizacións declaradas compatibles ou complementarias que, polos mesmos conceptos, puideren conceder outros organismos públicos, nacionais ou internacionais, ou corresponderen en virtude da existencia de pólizas de aseguramento.

**Disposición adicional segunda. Créditos orzamentarios.**

A reparación dos danos nos bens de titularidade estatal, así como as indemnizacións que se concedan por danos en producións agrícolas e gandeiras, financiaranse con cargo aos orzamentos dos respectivos departamentos ministeriais; para estes efectos, realizaranse as transferencias de crédito que sexan necesarias, sen que resulten de aplicación as limitacións contidas no artigo 52.1.a) da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria,

respecto da realización de transferencias de crédito desde operacións de capital a operacións correntes.

**Disposición adicional terceira. Anticipos de axudas vinculadas a determinados préstamos para a mellora e modernización de estruturas agrarias.**

Nos termos municipais afectados de acordo co artigo 1, con carácter preferente, poderase efectuar o pagamento anticipado do importe total das axudas de minoración de anualidades de amortización do principal dos préstamos acollidos ao Real decreto 613/2001, do 8 de xuño, para a mellora e modernización das estruturas de produción das explotacións agrarias, daqueles expedientes de que se dispoña da correspondente certificación final de cumprimento de compromisos e realización de investimentos.

**Disposición adicional cuarta. Fondo para actuacións de prevención de incendios forestais.**

Co fin de coadjuvar ás actuacións de prevención previstas neste real decreto lei e de garantir a equidade interterritorial na súa implantación, dotarase un fondo para actuacións de prevención de incendios forestais.

A dotación do fondo realizarase mediante a aprobación dun crédito extraordinario que, de conformidade co establecido no artigo 50.b) da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, se financiará con cargo ao fondo de continxencia de execución orzamentaria.

Con cargo á dotación do fondo para actuacións de prevención de incendios forestais realizaranse as transferencias de crédito aos departamentos ou organismos que teñan ao seu cargo os investimentos, gastos, axudas, subvencións ou beneficios e demais atencións relacionadas coa súa finalidade, sen que resulten de aplicación as limitacións previstas no artigo 52 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

**Disposición adicional quinta. Actuacións con cargo ao fondo de continxencia de execución orzamentaria.**

O financiamento das axudas que se concedan en aplicación do disposto no artigo 7.2.a) realizarase con cargo ao fondo de continxencia de execución orzamentaria.

**Disposición adicional sexta. Convenios con outras administracións públicas.**

A Administración xeral do Estado poderá celebrar coas comunidades autónomas e con outras administracións públicas os convenios de colaboración que exixa a aplicación deste real decreto lei.

**Disposición adicional sétima. Vixencia dos instrumentos de coordinación e actuación existentes.**

O disposto neste real decreto lei enténdese sen prexuízo da vixencia da normativa estatal en materia de protección civil e ambiente, así como dos plans e protocolos adoptados de acordo con ela.

**Disposición adicional oitava. Réxime dos órganos colexiados previstos neste real decreto lei.**

O Goberno, mediante real decreto, poderá modificar a estrutura, composición e funcións dos órganos colexiados previstos neste real decreto lei.

Disposición adicional novena. *Comisión interministerial de seguimento das medidas de apoio a damnificados.*

1. Créase unha comisión interministerial para a aplicación das medidas de apoio establecidas neste real decreto lei coordinada pola Dirección Xeral de Protección Civil, e integrada polos representantes dos ministerios de Economía e Facenda, do Interior, de Fomento, de Traballo e Asuntos Sociais, de Agricultura, Pesca e Alimentación, da Presidencia, de Administracións Públicas, de Medio Ambiente e de Vivenda, así como polos delegados do Goberno nas comunidades autónomas afectadas e por un representante do Consorcio de Compensación de Seguros.

2. O seguimento das medidas de apoio previstas neste real decreto lei será levado a cabo pola comisión a que se refire o número anterior, en coordinación coas autoridades das comunidades autónomas afectadas, a través das delegacións do Goberno.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto lei dítase ao abeiro do disposto nos artigos 149.1.23.<sup>a</sup> e 149.1.29.<sup>a</sup> da Constitución, e será de aplicación xeral en todo o territorio nacional, sen prexuízo das medidas adicionais e de maior protección que adoptasen ou poidan adoptar as comunidades autónomas.

Disposición derradeira segunda. *Facultades de desenvolvemento.*

O Goberno e os distintos titulares dos departamentos ministeriais, no ámbito das súas competencias, ditarán as disposicións necesarias e establecerán os prazos para a execución do establecido neste real decreto lei.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Palma de Mallorca o 22 de xullo de 2005.

JUAN CARLOS R.

A presidenta do Goberno en funcións,

MARÍATERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

(Este real decreto lei inclúese tendo en conta as correccións de erros publicadas no «Boletín Oficial del Estado» número 178, do 27 de xullo de 2005, e no «Boletín Oficial del Estado» número 179, do 28 de xullo de 2005.)

## MINISTERIO DE XUSTIZA

**12703** REAL DECRETO 796/2005, do 1 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de réxime disciplinario do persoal ao servizo da Administración de xustiza. («BOE» 175, do 23-7-2005.)

O libro VI da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, modificada pola Lei orgánica 19/2003, do 23 de decembro, regula basicamente o estatuto xurídico dos corpos de funcionarios ao servizo da Administración de xustiza.

A modificación legislativa aludida tivo como antecedente o Pacto de Estado para a Reforma da Xustiza, no cal se acordou levar a cabo unha profunda reforma normativa que non soamente deseñase o novo modelo de oficina xudicial, senón tamén o desenvolvemento dun actualizado estatuto do persoal ao servizo da Administración de xustiza, adecuado á nova estrutura organizativa e capaz de responder ás exixencias das súas específicas funcións.

En consonancia co anterior, o libro VI define «ex novo» os corpos ao servizo da Administración de xustiza, aos cales asigna funcións máis conformes co novo modelo de oficina xudicial. Neste senso, preténdese equiparar os funcionarios ao servizo da Administración de xustiza co resto do persoal funcionario das administracións públicas, sen prexuízo das especificidades derivadas do artigo 122 da Constitución.

A regulación até agora vixente sobre réxime disciplinario, relativa ao persoal que serve a Administración de xustiza e que recolle o artigo 470 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, encóntrase no capítulo VIII do Regulamento orgánico do corpo de médicos forenses, aprobado polo Real decreto 296/1996, do 23 de febreiro, e no capítulo VI do Regulamento orgánico dos corpos de oficiais, auxiliares e axentes ao servizo da Administración de xustiza, aprobado polo Real decreto 249/1996, do 16 de febreiro. O regulamento que se aproba mediante este real decreto xunta nunha mesma norma o réxime disciplinario dos funcionarios antes mencionados, respondendo así á nova estrutura deseñada pola Lei orgánica 19/2003, do 23 de decembro, de reforma da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, que regula no libro VI todo o referente aos corpos de funcionarios e outro persoal ao servizo da Administración de xustiza.

Pola súa parte, os artigos 471 e 535 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, prevén o desenvolvemento regulamentario de todo o referente ao estatuto xurídico dos corpos ao servizo da Administración de xustiza, incluído o réxime disciplinario. A finalidade deste real decreto non é outra que a aprobación do regulamento dese réxime disciplinario dos funcionarios a que se refire o libro VI da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, conformando así o seu ámbito subxectivo: corpos de médicos forenses, facultativos do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses, de xestión procesual e administrativa, de técnicos especialistas do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses, de tramitación procesual e administrativa, de auxilio xudicial e de axudantes de laboratorio do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses, e outro persoal ao servizo da Administración de xustiza.

O regulamento non é de aplicación aos secretarios xudiciais, cuxo réxime disciplinario se integra no Regulamento orgánico do corpo de secretarios xudiciais, ben que, de conformidade co disposto no artigo 468 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, os secretarios xudiciais están suxeitos a responsabilidade disciplinaria nos supostos e de acordo cos principios que se establecen no libro VI da citada lei para os funcionarios dos corpos ao servizo da Administración de xustiza e serán obxecto de iguais sancións.

O regulamento atende en todo caso aos principios establecidos na Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, e desenvolve o contido do título IX do libro VI da citada lei no marco dos principios enumerados no seu artigo 535. Será aplicable con carácter supletorio o disposto na normativa que regula o réxime disciplinario dos funcionarios da Administración do Estado.

Canto ao contido, o regulamento mantén unha estrutura similar á regulación até agora vixente, ben que introduce unha serie de novidades que, en definitiva, teñen por obxecto axilizar e racionalizar o procedemento para instruír os expedientes disciplinarios. Destaca, entre outros aspectos, a limitación dos tipos de órganos competentes para incoar, tramitar e impor, se é o caso, as sancións disciplinarias. Así, os artigos 15 e 20 do regulamento recollen o mandado do artigo 539 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo. En consonancia coa regulación desta lei orgánica, non se prevé agora máis intervención do Ministerio Fiscal no procedemento disciplinario que a necesaria no caso de concorrencia de causa penal.

Na elaboración desta disposición cumpríuse o trámite de audiencia a que se refire o artigo 24 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, e informaron o Consello